

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Oporfina

Na sala na que se expón a cerámica de Sargadelos no Museo Provincial de Lugo amósanse tres cuspideiras fabricadas na vella fábrica de Cervo no s. XIX.



Cuspideira. Sargadelos. s.-XIX. MMPLugo

As cuspideiras, que soen ser pezas elegantes, algunhas con mango e tapadeira, usáronse nas casas nobres ata ben entrado o s. XX para recoller a saliva humana, para que non se usara para cuspir, ouriñar ou defecar, como sucedía nas do século XIX na corte ou nun penico. Adoitaba haber as tamén en tendas de pousadas, barberías, estacións e salóns de baile, así como en consultas de sacamoas e transportes públicos.

Usábanse para cuspir e para expectorar, e segundo o material do que estivesen feitas (arxila, vidro, madeira, ouro, prata, latón ou louza) así era a categoría onde as había. Nas tendas de segunda man aínda se atopan algunhas destas cuspideiras antigas, fermosas e

Na Exposición Universal de París de 1900 presentáronse modelos de cuspideiras de peto e de vía deseñadas co ánimo de axudar a combater o noxento costume, xa entón de moda, de cuspir na rúa. Non tivo éxito.

O cuspe humano formou e forma parte de varios ritos curativos tradicionais, imitación seguramente do que fixo Xesús Cristo cando curou a Celedonio, aquel mendigo cego de nacemento ao que lle aplicou

lama formada coa súa propia saliva e terra do camiño. Tamén cuspiá sobre o doente Pedrón do Freixo, c
afeccionado pontés, falecido hai pouco.

Cuspir, a pesar de ser necesidade fisiolóxica ineludible, está mal visto, polo menos facelo diante dos de
educación pero sobre todo por hixiene e prevención pois o cuspe (incluído o que se intercambia inevita
nos bicos de lingua) pode ser emisario de contaxios.

Resulta curioso, en cambio, que algúns deportistas como os futbolistas e os atletas (outros non pode
deben, depende da disciplina que practiquen) gocen da liberdade de cuspir no campo de xogo coa única l
de non facelo enriba dun contrario, do árbitro ou dos espectadores.

Mais, quen non cuspiu de cando en cando as palmas das propias mans antes de manexar unha ferrar
coller un volante ou para refrixeralas, arrefrialas ou quentalas, segundo as necesidades do momento!

Cando eramos mozos e descubríamos niños de paxaro procurabamos non dicirlllo a ninguén pero en ca
sentíssemos a necesidade, moi frecuente, de revelar o segredo non o debiamos facer sen antes botar un c
en caso contrario, botaríanse aos niños unhas formigas perigosísimas, as Formigas de Belén, e desf
completamente.

Segundo estudos realizados recentemente por unha academia dinamarquesa, canto máis cuspe tragamos
que producimos mellor pois sintetiza opiorfina, un analxésico natural seis veces máis potente que a morf
acrecenta a sensación de felicidade.

Procuremos, xa que logo, ser felices. Agás que sexa vostede un dragón e expectore lume, cuspa o que poi
sempre para adentro e, sobre todo, nunca, endexamais cuspa para arriba que, segundo o dito, o que mal c
si o ve!

©Antonio Reigosa

Serie: “Andel de Marabillas”, El Progreso, 6 de abril de 2020.